

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 8/08/2019 EN 1ª CONVOCATORIA.**

### **ASISTENTES**

**Alcalde-Presidente**  
José Marcote Suárez  
(PSdeG - PSOE)

### **Concelleiros**

**Partido Popular (PP)**  
José Manuel Traba Fernández  
Santiago Insua Esmoris-Recamán  
Daniel Juan Benlloch Rivas  
Jenifer Suárez Silva  
Leonor Castrege Fernández

**Partido dos Socialistas**  
**Galicia-Partido Socialista Obrero**  
**Español (PSdeG - PSOE)**

Soledad Vilela Romero  
Alexandre Domínguez Lado  
María Rocío Mariño López

### **Bloque Nacionalista Galego** **(BNG)**

Xan Carlos Sar Oliveira  
Teresa Fernández Martínez

### **Secretario**

José Ramón Lema Fuentes

**Na vila e termo municipal de Fisterra, partido xudicial de Corcubiión sendo ás 20: 30 horas, do día 8/08/2019, reúnen-se no salón de sesións da casa do Concello baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:**

### **Orde do día**

- 1º.- Aproba-lo borrador da acta da sesión anterior, se procede.
- 2º.- Constitución Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra Violencia de Xénero xunto cos Concellos de Cee e Corcubiión.-
- 3º Aprobación, se procede, Conta Xeral do Presuposto ano 2018.-
- 4º.- Proposta de días festivos para o ano 2020.-
- 5º.-Resolucións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 6º.-Rogos e Preguntas.-

**1º Aprobalo borrador da acta da sesión anterior, se procede.**

Sometida a votación a do día 26 de xuño de 2019 é aprobada por Unanimidade dos asistentes.-

**2º.-Constitución Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra Violencia de Xénero xunto cos Concellos de Cee e Corcubión.-**

Vista da proposta formulada polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda:

**1) Constituir a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero xunto cos Concellos de Cee e Corcubión.-**

A dita Mesa vai constituir unha ferramenta operativa na que están representados todos os ámbitos dos tres Concellos que a integran e outros implicados, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero co obxecto de procurar unha maior eficiencia de todas as actuacións a tal fin.-

Trátase dunha iniciativa que busca incrementar o grao e a calidade da coordinación interinstitucional por parte de todas as Administracións públicas e contribuir así a optimizar a accesibilidade aos recursos e á prestación dos servizos de atención ás mulleres do ámbito municipal de cada un dos tres Concellos que a integran, afectadas por situación de violencia de xénero.-

Constituirán a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:

**Presidencia**

O Alcalde/ Alcaldesa do Concello de Cee ou Concelleiro en quen delegue, que a presidirá.-

**Vogalías**

Concelleiras con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero.-

**Persoal do Centro de Información ás Mulleres-CIM**

**Persoal dos Servizos Sociais Municipais**

**Un representante da Policía Local de cada Concello**

**Un representante das Forzas e Corpos de Seguridade (Garda Civil)**

**Representante dos Centros educativos**

**Representante dos servizos sanitarios**

**Representante do eido xurídico (Xulgados)**

**Representante da Xunta de Galicia**

**Representante da Subdelegación do Goberno**

## Secretaria

Persoa Técnica da Concellería competente na materia do Concello de Fisterra

2) A mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, reunirase de xeito ordinario con periodicidade semestral e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.-

3) Remitir certificación deste acordo aos Concellos de Cee e Corcubión para o seu coñecemento e demais efectos.-

3º Aprobación, se procede, Conta Xeral do Presuposto ano 2018.-

Visto o Dictamen favorable emitido pola Comisión Especial de Contas na sesión do día 14 de Maio de 2019 e da Secretaria-Intervención que constan no expediente, o Pleno por Seis votos a favor (4 PSdG-PSOE e 2 BNG) e Cinco Abstencións dos concelleiros do grupo popular, acorda :

a) Aprobar a Conta Xeral do Presuposto referida ao ano 2018 co seguinte contido :

### ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

Tal e como se expón no informe emitido a tal efecto, a **liquidación do orzamento correspondente ó exercicio de 2018** ofrece o seguinte resultado:

- Dereitos Recoñecidos Netos	3.654.514,35 €
- Obrigas Recoñecidas Netas	3.280.193,07 €
- Resultado Orzamentario	374.321,28 €
- Desviación positivas de financiación	8.245,99 €
- Desviación negativas de financiación	15.497,90 €
- Gastos Financeiros remanente Tesourería para gastos xerais	309.147,21 €
- Resultado Orzamentario Axustado	690.720,40 €

### ESTADO DEMOSTRATIVO DE ORZAMENTOS PECHADOS:

Do que se deduce que queda un total de " **Cincocentos dez mil setecentos dez euros con dezanove céntimos (510.710,19 €)** " como Obrigacións pendentes de Ordear de orzamentos pechados e un total de " **Novecentos oitenta e seis mil seiscentos dezanove euros con trinta e catro céntimos (986.619,34€)** en concepto de **Dereitos Pendentes de Cobro** a 31 de Decembro de 2018.-

## **ESTADO DOS COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A EJERCICIOS FUTUROS.-**

De conformidade coa Regra 422 IC, presentará os compromisos de gasto adquiridos con cargo a exercicios futuros, non existindo ningún nesta Corporación.

## **ESTADO DE TESOURERIA.-**

De acordo co disposto na Regra 423 de IC, pon de manifesto a súa situación e as operacións realizadas durante o exercicio. Consta dunha **Primeira Parte**, na que se presentan de forma resumida o total de **Cobros e Pagos** realizados, tanto orzamentarios como non orzamentarios, resultando un movemento total de "**Cinco millóns noventa e un mil cento corenta e seis euros con oitenta e sete céntimos (5.091.146,87 €)** e "**Tres millóns novecentos oitenta e oito mil trescentos sesenta e tres euros con un céntimos (3.988.363,01 €)** e unha **Segunda Parte** onde se recolle o estado de **situación de existencias en Tesourería**, resultando unha existencia final en bancos de "**Un millón cento dous mil setecentos oitenta e tres euros con dezaseis céntimos ( 1.102.783,86 € )**.-

## **ESTADO DE DEBEDA PÚBLICA**

Reflexa as operacións de creación, amortización, pago, extinción, conversión e canxe de capitais, así como as de recoñecemento, pago, extinción dos intereses devengados. **Non existindo ningunha nesta Corporación.**

**b) Dése traslado deste acordo ó Consello de Contas de Galicia a efectos da súa fiscalización.-**

**4º.- Proposta de días festivos para o ano 2020.-**

Á vista do requerimento efectuado pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia de data 17 de Xullo de 2019, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Propoñer á citada Consellería, o sinalamento como festas de carácter retribuído e non recuperable neste Termo Municipal para o vindeiro ano 2020 os dous días seguintes:

<b>Luns de Pascua</b>
<b>8 de setembro</b>

2) Remitir certificación deste acordo ó citado Organismo dentro do prazo establecido.-

**5º.-Resolucións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-**

**Dáse conta das seguintes :**

- **Concesión de vacacións en favor de Jesús Marcos Ferrío Buiturón (12 ó 16 de agosto de 2019).**
- **Concesión de vacacións en favor de Alicia López Gil (5 ó 28 de agosto de 2019).**
- **Concesión de vacacións en favor de Juan Carlos Lagoa López (1 de agosto ó 5 de setembro de 2019).**
- **Nomeamento de Arancha Aguite de Pazos como Técnico Museo de Pesca.**
- Contratación de Lucinda Espasandín Martínez en substitución de María Dolores Martínez Pérez durante o período comprendido entre os días 1 ó 15 de agosto de 2019.**
- Lista definitiva de admitidos e excluídos praza Técnico Museo de Pesca, subvencionada pola Excm. Deputación Provincial.**
- Adxudicación do servizo de prevención de incendios forestais en favor de Agro Forestal Xallas, S.L.U., por importe de 18.150 €**
- **Contratación de Ana Isabel Suárez Buján en substitución de Violeta Traba Castreje durante o período comprendido entre os días 29 de xullo ó 9 de agosto de 2019.**
- Vacións en favor de Carmen María Ballón Estévez (31 de xullo ó 30 de agosto de 2019).**
- Vacións en favor de Osvaldo Santos Lobelos (6 ó 23 de agosto de 2019).**
- Vacións en favor de Violeta Traba Castreje (17 ó 21 de agosto de 2019).**
- **Vacións en favor de María Trillo Dominguez (12 ó 27 de agosto de 2019).**
- Vacións en favor de María Dolores Martínez Pérez (1 ó 15 de agosto de 2019).**
- **Lista Provisional de admitidos e excluídos praza Técnico Museo de Pesca, subvencionada pola Excm. Deputación Provincial.**
- Vacións en favor de Violeta Traba Castreje (29 de xullo ó 9 de agosto de 2019).**

- **Compensación de días libres por horas extras realizadas a favor de Osvaldo Santos Lobelos, Técnico de Empleo.**

- **Adjudicación dos subministros dos Campo de Fútbol en favor da Empresa Viraxes Servizos Deportivos, polo importe de 5.561,16 €.**

- **Vacacións en favor de Montserrat Outes Velay (26 de xullo ó 16 de agosto e do 17 ó 30 de decembro de 2019).**

- **Cancelación garantía definitiva da obra “Plan de Mellora de Camiños Municipais 2017-2018” en favor da empresa Excavaciones Pose S.L., polo importe de 1.249,50 €.**

- **Denuncia por ruidos existentes en café-bar de David López Macias.**

- **Modificación Base 5ª contratación Técnico Museo da Pesca.**

- **Resolución de inicio procedementos sancionadores de Tráfico por importe de 80,00 €.**

- **Días en favor de Alis-Ana López Gómez por falecemento de familiar.**

- **Resolución de expediente sancionador en favor de Oscar Rodríguez Piñeiro.**

- **Retirada de vehículo abandonado na rúa Manuel López Garabal.**

- **Denegando vacacións por necesidades do servizo a Teresa Dourado Martínez.**

- **Días por hospitalización de familiar en favor de Angel Manuel Lobelos Suárez.**

- **Vacacións en favor de Nélida Cambeiro Otero (21 de agosto ó 20 de setembro de 2019).**

- **Vacacións en favor de María José Traba Traba (8 de xullo ó 2 de agosto de 2019).**

- **Competencias Xunta de Goberno Local.**

- **Concesión de axuda económica en favor de F. J. T. M. por importe de 80,00€, para traslado a Centro Penitenciario de A Coruña.**

- **Resolución de inicio de Procedementos sancionadores de Tráfico, por importe de 1.320 €.**

- **Resolución de inicio de Procedementos sancionadores de tráfico, por importe de 780 €.**

- Nomeamento membros da Xunta de Goberno Local.
- Nomeamento tenencias de alcaldía.
- Contratación M<sup>a</sup> Francisca Cascallar Mouzo por renuncia de traballador seleccionado para o programa de “Obras e Servizos Mínimos Municipais (PEL)”.
- Contratación Ana Isabel Suárez Buján en substitución de M<sup>a</sup> Lourdes Domínguez Lago durante o período 1 ó 15 de xullo de 2019.
- Suspensión das obras de rehabilitación de vivenda sita no paseo da Ribeira da promotora Ana Belén Senlle Moure por non axustarse a licenza concedida.
- Contratación José Manuel Martínez Traba como “Técnico Deportivo” en substitución de Miguel Ángel Olveira Traba.
- Vacacións en favor de María del Pilar García Trillo (1 ó 15 de xullo e do 2 ó 17 de setembro de 2019).
- Contratación “Socorristas de Praia” dentro da subvención outorgada pola Xunta de Galicia, durante o período 1 de xullo ó 31 de agosto de 2019.
- Contratación Violeta Costa Lago durante o período 26 de xuño ó 10 de xullo de 2019 en substitución de Pamela Caamaño Carril.
- Vacacións en favor de María Lourdes Domínguez Lago (1 ó 15 de xullo e do 2 ó 17 de setembro de 2019).
- Contratación Peóns de Praia dentro da subvención concedida pola Excma. Deputación Provincial.
- Vacacións en favor de Noelia Castreje Canosa (5 ó 30 de agosto de 2019).
- Días 20 e 21 de xuño de 2019 por asuntos particulares en favor de María José Traba Traba,
- Adxudicación mediante contrato menor levantamento tridimensional fachadas Casco histórico (2<sup>a</sup> fase), por importe de 7.260 € en favor de Geomática y Topografía Pontevedra S.L.
- Delegacións especiais en favor de concelleiros da nova Corporación Municipal.
- Vacacións en favor de Carmen Fábregas Lorenzo e Milagros Canosa Santamaría.

- Listado definitivo admitidos e excluídos peóns limpeza de praias.

### O Pleno dáse por enterado

Antes do punto de Rogos e Preguntas, formulase a integración dentro da Orde do Día da seguinte Moción, que aceptada por unanimidade dos asistentes, ten o seguinte contido :

**"MOCIÓN RELATIVA AO MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO EN FERROATLÁNTICA E DA LIGAZÓN DAS FÁBRICAS E A PRODUCCIÓN ELÉCTRICA NOS RÍOS XALLAS E GRANDE. "**

Nas últimas semanas veñen aparecendo nos medios de comunicación novas relacionadas coa posible venda das plantas de Ferroatlántica, unha operación chea de incógnitas e escurantismo e que nos leva a pensar que estamos ante unha manobra de mercado carácter especulativo.

Segundo estas informacións, a dirección da empresa de Ferroatlántica - Cee - Dumbría e das Centrais Hidroeléctricas, reuniuse cunha representación de Ithaka, empresa interesada, para abordar as condicións da posible venda do complexo industrial e enerxético da Costa da Morte.

Así mesmo, e trala reunión do comité coa dirección da empresa, puidose confirmar que estamos ante unha operación fraudulenta, a través da cal o Grupo Villar Mir pretende levar adiante unha segregación encuberta das centrais, coa que esquivar as cláusulas concesionais, e facer caixa a costa dos nosos recursos naturais.

Malia o camibo de propiedade, Ferroatlántica seguiría levando a xestión das fábricas de Cee e Dumbría, sendo o seu proveedor exclusivo e comprador único de toda a produción. Deste xeito, as plantas funcionarían como unha subcontrata de FerroGlobe, dependendo das súas decisións empresariais, mais por suposto, fóra do grupo. Fica claro pois, que ao fondo TPG e a sociedade Ithaka só lle interesa o negocio da produción eléctrica e os substanciosos beneficios que reporta, comprometendo seriamente a viabilidade das fábricas e o emprego, coas consecuencias negativas que ten para a comarca e especialmente para o noso Concello. De feito, segundo as informacións anteriormente citadas, o comprador confirmou que manterá os recursos legais presentados contra a resolución de Augas de Galiza na que denega a autorización para a segregación das centrais, e que non vai retirar o ERTE formulado para as fábricas de Cee e Dumbría.

Temos tamén coñecemento que no marco desa xuntanza, confirmouse que Ferroatlántica presentou o pasado día un de xullo na Xunta de Galiza, a documentación para solicitar a amortización anticipada do arrendamento financeiro das centrais, nun intento de legalizar a operación fraudulenta,



**cuestión que consideramos especialmente grave, xa que diante deste feito a Consellería de Industria non ten aínda trasladado ningunha comunicación ao respecto ao comité da empresa, como eles mesmos denuncian.**

**A empresa pretende legalizar esta operación a través dun mero trámite de comunicación do cambio de titularidade das concesións hidroeléctricas a Augas de Galicia, sen solicitar como sería preceptivo, a correspondente autorización.**

**É sumamente importante tamén, lembrarlle á Xunta de Galiza, as axudas, subvención e autorización que lle ten concedido a Ferroatlántica, como as concesións das minas, as axudas para a instalación de filtros, e sobre todo a ampliación do porto de Brens. Todo isto ía servir, dicían, para garantir a viabilidade das fábricas, mais sen embargo o grupo de Villar Mir, en troques de ampliar, modernizar e/ou actualizar as instalacións, mercou outras en Venezuela, Sudáfrica, Francia e Noruega, que son, por suposto, competencia directa e interna das nosas fábricas. Ademais, co aval das centrais hidroeléctricas, o mesmo grupo financiou outros proxectos como a construción dun dos rañaceos (Torre Espacio ) no Paseo da Castellana en Madrid, e que o grupo acaba de vender recentemente a un empresario filipino por 552 M€. Estamos, sen lugar a dúbidas, e como xa dixemos en numerosas ocasións dende o noso grupo, ante un claro caso de colonialismo salvaxe, colonialismo esquilmatorio dos nosos recursos para favorecer os intereses das grandes empresas e urbes españolas.**

**Por todos estes motivos, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:**

**1º.-Manifestar o apoio firme aos traballadores e traballadoras de Ferroatlántica.**

**2º.-Instar a Xunta de Galiza a que manteña as condicións actuais das concesións e de vinculación entre as centrais hidroeléctricas e as fábricas, que serviron para preservar o seu interese público.**

**3º.- Instar a Xunta de Galiza a esixirlle á empresa un plan de viabilidade de futuro, en conformidade coa sentenza de 9 de maio de 1996 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.**

**4º.- Instar a Xunta de Galiza a que non permita ningún cambio de titularidade do complexo industrial e enerxético de Ferroatlántica que poida supoñer ou supoña a súa segregación.**

**5º.- Trasladar ao Parlamento Galego e a cada un dos grupos políticos, así como a xunta de Galiza o acordo tomado.**

Seguidamente o Pleno da Corporación por Seis votos a favor (4 PSdG-PSOE e 2 BNG) e cinco Abstencións dos Concelleiros do grupo popular, acorda aprobala en todo o seu contido.-

6º.- Rogos e Preguntas.-

Sr. Traba Fernández do grupo popular

¿Segundo se nos informou no pleno anterior, non ía vir a este pleno ordinario o nomeamento dos membros da Comisión de Seguimento da Concesión Administrativo do Semáforo e do Consello Municipal de Turismo?

Alcalde.- Queda pendente para outra sesión.-

¿Por que a xestión da doazón de alimentos procedentes do banco de Alimentos que antes levaba Cáritas pasou ao Concello? ¿Por qué non se pasa a información á Corporación?

Alcalde.- Actualmente a xestión non a leva directamente o Concello, trátanse de dúas cousas diferentes.-

Instalouse unha escultura supostamente ecolóxica no Paseo da Praia Langosteira. ¿Conta cos pertinentes permisos?

Alcalde.- Non se pediu Autorización ao tratarse dunha actuación pasaxeira e no estar enclavada.-

¿Como se interpreta a Lei de Protección de datos cando no listado de méritos dos demandantes de emprego no Concello aparecen os nomes e apelidos dos/as solicitantes, e no listado definitivo de admitidos o número COMPLETO do DNI?

Secretaría .- Á Lei de Protección de Datos respetase en todo momento nos listados referidos.-

¿Cando podemos ter acceso libre a dito listado?

Alcalde.- Poden recollelos na Secretaría a maior brevidade posible, están a súa disposición.-

¿Cal é o horario do mercado municipal para a instalación e retirada dos postos?

Xan Carlos Sar .- De 8 a 16 horas.-

**¿Cando teñen pensado entregarnos as actas das Xuntas de Goberno Local?**

O máis rápido posible, foi cuestión de imposibilidade pola parte desta Secretaria, pero están a disposición de todos os Concelleiros, enviaranse.-

**¿Por qué non se cargan as actas dos plenos na páxina web do Concello?**

Polo mesmo motivo anterior.-

**¿Por qué non se nos entregan aos membros da Corporación as actas das comisións informativas?**

Por entender esta Secretaria que se trata de meros dictámenes para todos aqueles acordos que teñan que ser informados para o Pleno.-

**Debido ás continuas queixas dos veciños, ¿cando se vai executar o parque infantil do paseo de Sardiñeiro?**

**Alcalde.-** O máis rápido posible, está pendente de Informe da Demarcación de Costas de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio e Informe favorable da Excma Diputación Provincial.-

**¿Por qué non se retiraron as algas, ou se devolveron ao mar, nas praias de Sardiñeiro e da Ribeira?**

**Alcalde.-** Ibanse retirar, pero por parte da Confradía se nos dixo que non se fixera nada e por iso non se retiraron.-

**¿Calquera veciño pode instalar máquinas de impresión de moedas, ou calquera outra, na zona do Faro?**

**Alcalde.-** Non deberían poñerse sen a preceptiva autorización, pero o Faro non é da nosa competencia senón da Autoridade Portuaria.-

**Volvo a reiterar por terceira vez a pregunta: Unha vez resolto o expediente de indemnización por responsabilidade patrimonial do Concello, a un rapaz por danos causados pola instalación dun colector de obras, nunha obra sen licenza municipal. ¿Tramitouse a reclamación á citada empresa e recuperáronse os cartos pagados polo Concello de Fisterra, amén do correspondente expediente sancionador?**

**Secretaría.-** O Alcalde manifestoullo a esta Secretaria e a Secretaria ó funcionario encargado do expediente, preguntarei se se fixo ou non e se lle enviará copia da reclamación formulada.-

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o **Sr. Alcalde-Presidente** levanta a sesión, sendo as **20:57** horas, de todo o que como Secretario dou fe.-